

**BASES DA CONVOCATORIA
DE PROPOSTAS DE
ACCIÓNS FORMATIVAS DO
COTSG EN MODALIDADE DE
TELEFORMACIÓN
2026**



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

1. XUSTIFICACIÓN

O **Colexio de Traballo Social de Galicia (COTSG)** constitúe un referente formativo na nosa Comunidade Autónoma no ámbito do traballo social e da intervención social. Para dar resposta ás necesidades profesionais, desenvolvemos accións formativas en diferentes modalidades: presenciais, semipresenciais e en liña.

Tendo en conta a dispersión xeográfica de Galicia e as necesidades de conciliación das persoas colexiadas, a formación en liña experimentou nos últimos anos unha excelente acollida. Por este motivo, desde o COTSG reafirmamos a nosa aposta por consolidar e ampliar a oferta formativa nesta modalidade, facendo pública unha nova convocatoria anual.

2. OBXECTIVOS

- Organizar accións formativas en modalidade en liña que conxuguen a formación de calidade cun prezo accesible.
- Mellorar e ampliar a formación e os posibles campos de traballo no eido social, das persoas colexiadas.
- Promover a participación das persoas colexiadas na práctica docente.
- Favorecer a accesibilidade á formación das persoas colexiadas a través dun sistema flexible que permita a conciliación da vida.
- Achegar a formación do COTSG a outras persoas que se atopen fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. ACCIÓNS FORMATIVAS

TEMÁTICAS PRIORITARIAS

Saúde: Traballo Social Sanitario · Saúde Mental e Muller · Prevención de suicidios

Diversidade Funcional: Novo baremo de discapacidade

Migracións: Mediación Intercultural · Proceso Migratorio · Estranxeiría

Sistema Xudicial: Apoios a persoas con discapacidade

Persoas Maiores e Menores: Intervención social e apoio familiar

Pobreza e Exclusión: Vivenda · Pobreza enerxética · Persoas sen fogar

LGTBI: Intervención e casos prácticos

Competencias Profesionais: Autocoidado · Burnout · Informes Sociais · TICs

Emerxencias: Intervención en crise

💡 Tamén se valorarán propostas innovadoras

A QUEN VAI DIRIXIDA?

- **Persoas colexiadas** recentemente tituladas ou en desemprego
- **Persoas precolexiadas** (estudantes de Grao)
- Persoas colexiadas que busquen formación especializada
- Se hai prazas libres → abertas a outros colexios profesionais e público xeral

PRAZAS E DURACIÓN

30 - 50 prazas por curso (mínimo 15 para realizarse)

Duración segundo tipo:

- Tipo 1 - 30 h (1-2 meses)
- Tipo 2 - 50 h (2-4 meses)
- Tipo 3 - 100 h (3-6 meses)

CERTIFICACIÓN

Entrega de certificados tras cumprir requisitos de avaliación:
Cuestionarios - Foros - Casos prácticos - Sesións enliña

DIFUSIÓN E SOLICITUDES

Entrega do **Anexo I** e **II** para incluír na planificación anual.

4. REQUISITOS DAS PROPOSTAS

DOCENCIA

Cada curso poderá contar cunha ou varias persoas docentes, sempre que o **50% sexan profesionais do Traballo Social colexiadas**.

✓ Requisitos obrigatorios:

As persoas docentes deberán:

- Estar colexiadas no COTSG no momento de presentar a proposta e no momento de impartir a formación.
- Acreditar experiencia profesional no ámbito da acción formativa mediante certificado de empresa ou contrato de traballo, cumprindo un dos seguintes supostos:
 - Experiencia profesional mínima de 4 anos + experiencia docente mínima de 2 cursos ou 50 h de docencia.
 - Experiencia profesional mínima de 3 anos + experiencia docente mínima de 3 cursos ou 100 h de docencia.
 - Experiencia profesional superior a 5 anos (non se esixe experiencia docente).
- Estar ao corrente dos deberes coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria.
 - No momento da sinatura do contrato deberá presentarse certificado oficial vixente ou, no seu defecto, asinar unha Declaración Xurada.
- Manexar a plataforma Moodle ou realizar previamente unha formación básica impartida polo COTSG.

CRITERIOS VALORABLES

Valorarase de forma positiva:

- Formación complementaria en metodoloxía didáctica.
- Formación especializada ou complementaria na temática do curso.
- Participación en programas de voluntariado relacionados coa temática proposta.
- Figurar no Catálogo de Docentes do COTSG.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS FORMATIVAS

As propostas serán avaliadas en base a **criterios obrigatorios e criterios adicionais** que permitirán priorizar aquelas accións formativas de maior calidade e interese.

Criterios Obrigatorios:

Calidade da proposta:

- Inclúe mínimo 1 sesión virtual ou online para exposición e/ou aclaración de contidos.
- Inclúe mínimo 2 actividades de avaliación, elixidas entre:

Test de avaliación

- Exercicio práctico
- Participación en foro ou debate
- Participación en sesión online/virtual

Non coincidencia de contidos con formación impartida polo COTSG no ano anterior.

Criterios Adicionais:

- Innovación: propostas con metodoloxías, contidos ou enfoques innovadores.
- Inclusión nalgunha das áreas prioritarias

5. RÉXIME ECONÓMICO

RETRIBUCIÓN PARA DOCENTES

Establécese a seguinte retribución económica bruta, suxeita á retención do IRPF (15%):

Curso de 30 h - 600 €

Curso de 50 h - 1.000 €

Curso de 100 h - 2.000 €

✚ Non se aboarán outros gastos adicionais (elaboración de materiais, teléfono, desprazamentos, peaxes, aparcamento, etc.)

PREZO DA MATRÍCULA PARA ALUMNADO

En virtude do acordo da Xunta de Goberno do COTSG do 11/05/2022 (50% de desconto nas accións formativas organizadas polo Colexio), establécense os seguintes prezos:

Curso de 30 h - P. Colexiadas 20 € - P. non Colexiadas 40 €

Curso de 50 h - P. Colexiadas 34 € - P. non Colexiadas 67 €

Curso de 100 h - P. Colexiadas 67 € - P. non Colexiadas 134 €

6. CONDICIÓNs CONTRACTURAIS E DE FACTURACIÓN

- O contrato de prestación de servizos deberá ser asinado dixitalmente cun mínimo de 10 días naturais antes do inicio da acción formativa.
- A facturación do servizo deberá realizarse exclusivamente pola/s persoa/s titular/es do contrato de acción formativa, xa sexan persoas físicas ou xurídicas.
- Se hai máis dunha persoa docente, todas deberán figurar como titulares do contrato.
- A retribución económica poderá aboarse por separado e de forma proporcional ás horas de formación impartidas por cada docente.

7. ORGANIZACIÓN DOS CURSOS

Persoal Docente

Corresponde ás persoas docentes:

- Presentar a proposta da acción formativa ao COTSG.
- Remitir o contido do curso 10 días antes do inicio.
- Asinar o contrato pertinente 10 días antes do comezo do curso, preferentemente de xeito dixital.
- Emitir factura ou recibín, como persoa adxudicataria do contrato (física ou xurídica).
- Elaborar un informe de avaliación do desenvolvemento do curso (seguimento de cada persoa alumna).
- Contestar aos correos do alumnado nun prazo máximo de 48 horas.
- Dinamizar a acción formativa a través da plataforma de teleformación do COTSG (Moodle).
- Elaborar os cuestionarios e/ou actividades para subir á plataforma.
- Realizar o seguimento dos foros, actividades, etc.

Corresponde ao COTSG

O COTSG terá as seguintes responsabilidades:

- Elaborar o contrato pertinente.
- Definir, de xeito coordinado coas persoas docentes, as datas de celebración do curso.
- Xestionar a organización xeral do curso.
- Facilitar ao alumnado información sobre a acción formativa.
- Confeccionar a listaxe de alumnado.
- Proporcionar asistencia técnica á docencia no desenvolvemento das súas funcións.
- Administrar e resolver dúbidas relacionadas coa plataforma de teleformación.
- Dar de alta as accións formativas, ao alumnado e ás persoas docentes na plataforma Moodle.
- Elaborar os diplomas de asistencia.
- Remitir un informe coas valoracións do alumnado (resumo dos resultados da enquisa de satisfacción).

8. DOCUMENTACIÓN A APORTAR

Solicitud (ANEXO I)

- Debe estar correctamente cumprimentada e asinada.
- No caso de propostas presentadas por máis dunha persoa docente:
 - Nomearase unha persoa representante, que asinara a solicitude.
 - Deberá entregarse tamén o ANEXO III (equipo docente), cumprimentado e asinado por todas as persoas docentes.
 - A persoa representante debe estar colexiada no COTSG.
- Se a proposta é presentada por unha entidade, asinaraa o/a representante legal da mesma, que debe estar colexiado/a no COTSG.
- A documentación acreditativa dos requisitos presentarase en copia auténtica electrónica dos documentos orixinais.
 - Se a proposta é seleccionada, o COTSG poderá solicitar a presentación dos documentos orixinais

Modelo de proposta formativa (ANEXO II)

- Debe incluír un resumo do currículum vitae da persoa ou persoas docentes, relacionado coa temática da proposta.
- Remitirase en formato Word e PDF.

9. DOCUMENTACIÓN A APORTAR

- O prazo para presentar as propostas das accións formativas do COTSG en modalidade de teleformación para o ano 2026 ábrese o 22 de setembro e finaliza o 2 de novembro de 2023 ás 24:00 h.
- As persoas interesadas que presenten propostas fóra do prazo poderán facelo, quedando arquivadas para:
 - Valorar na programación seguinte (previsión ano 2027).
 - Casos de cancelación de accións formativas ofertadas durante 2025.
- Cada ano o COTSG definirá o número máximo de propostas a seleccionar antes da apertura da convocatoria.
 - Para este ano, seleccionaranse un máximo de 6 accións formativas.
 - Se non se presentan suficientes propostas que cumpran os requisitos, poderían seleccionarse menos de 6.
- Restricción: en cada convocatoria só se permitirá unha proposta por persoa colexiada.

Documentación e Medios de Presentación:

As persoas colexiadas interesadas deberán presentar:

- Solicitud de proposta normalizada (ANEXO I)
- Modelo de proposta formativa (ANEXO II)
- Documento do equipo docente (ANEXO III), só se corresponde
- Documentación acreditativa requirida

Medios de entrega:

- Por correo electrónico:
formacion@traballosocial.gal

10. FUNCIONAMENTO DA CONVOCATORIA

Publicación e Valoración das Propostas Formativas

- A apertura da convocatoria publicarase na páxina web do COTSG, acompañada de toda a documentación necesaria.
- No Fío Directo do mes de apertura enviarase un recordatorio do prazo.

Listaxe provisional

- A listaxe provisional das propostas de cursos en teleformación que cumpran cos requisitos establecidos nos puntos 3 e 4 publicárase na páxina web do COTSG nun prazo máximo de 5 días hábiles tras o remate do prazo de presentación de solicitudes.

Valoración e aprobación

- O persoal técnico do COTSG / Comisión de Formación valorará as propostas recibidas tendo en conta:
 - Calidade técnica e metodolóxica do proxecto
 - Experiencia profesional das persoas docentes
 - Formación complementaria
 - Demandas colexiais
 - Resultados da votación da colexiación, se procede
- Tras esta valoración, elaborárase unha proposta de programación de cursos de teleformación para a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Período de reclamacións

- Unha vez aprobada a proposta, abrirase un período de reclamacións de 5 días hábiles.
- Tras resolver as reclamacións, publicárase a listaxe definitiva, aprobada pola Xunta de Goberno do COTSG.

11. OUTRAS CUESTIÓN DE INTERESE

As persoas seleccionadas para impartir a docencia deberán cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia:

- Fiscal
- Laboral
- Seguridade Social
- Prevención de Riscos Laborais
- Protección de Datos de Carácter Persoal
- Importante: a selección dunha proposta non implica vinculación laboral co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG).
- As persoas que presten os servizos de docencia deberán manter o segredo profesional e a confidencialidade respecto aos datos de carácter persoal aos que teñan acceso por razón do contrato de prestación de servizos.
- Deben cumprir en todo momento o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR).